

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 09 de xaneiro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor presentada polas empresas que participan no procedemento aberto para a adxudicación do Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rías Baixas (Expte. 2019052073)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o anuncio de licitación deste contrato foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de decembro de 2019.

A Mesa de Contratación na reunión do día 09 de xaneiro de 2020 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- Global Setup SL (CIF: B-94.119.104) ao lote nº1.

A continuación o Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e proceden á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente a documentación técnica presentada polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do *Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rías Baixas*. Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B” que presentou a empresa admitida ao lote nº1, ós técnicos do Servizo Turismo Rías Baixas, para que avalíen e ponderen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a nove de xaneiro dous mil vinte.

